



## **Información sobre protección de datos persoais para o alumnado de prácticas externas da Universidade da Coruña**

### **Responsable**

Os datos persoais recollidos nos documentos implicados na xestión das prácticas externas, tanto curriculares como extracurriculares, serán responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxo contacto para tal efecto se recolle a seguir:

Universidade da Coruña  
Secretaría Xeral,  
Rúa da Maestranza 9  
15001 A Coruña  
Tel. 981 167 000  
Correo-e: rpd@udc.gal

### **Finalidade**

A finalidade principal do tratamento dos devanditos datos é a xestión administrativa e académica das prácticas curriculares ou extracurriculares do programa de prácticas en que participa. Tales datos tamén poderán ser empregados para a realización de enquisas e estatísticas destinadas á mellora da xestión da UDC, así como para a análise da mellora da súa empregabilidade de cara á futura inserción laboral do estudantado.

### **Lexitimación**

a) De se tratar de prácticas curriculares:

Art. 6.1.e) e c) do Regulamento xeral de protección de datos: cumprimento dunha misión realizada en interese público, e dunha obriga legal, por parte da persoa responsable do tratamento (Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais).

b) De se tratar de prácticas extracurriculares:

Art. 6.1.a) do Regulamento xeral de protección de datos: o consentimento da persoa interesada.

Art. 6.1.b) do Regulamento xeral de protección de datos, se as prácticas son remuneradas e se solicitan datos bancarios: a comunicación de datos bancarios á entidade bancaria está xustificada na execución dun contrato do cal a persoa interesada é parte.

### **Persoas destinatarias**

Está prevista a cesión de datos persoais á entidade en que o alumnado levará a cabo as prácticas externas para o único efecto de efectuar tramitación correspondente.

De se tratar de prácticas remuneradas, e só se é a UDC a que realiza o pagamento\*, requirirase ao alumnado beneficiario que comunique o seu número de conta bancaria. Ese dato non será cedido a terceiros e unicamente se empregará para a xestionar o pagamento da remuneración das prácticas.

---

\* Financiado por unha entidade externa de fomento das prácticas externas universitarias.



**Dereitos**

As persoas interesadas terán dereito a solicitarlle á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais, así como a limitación do tratamento.

No caso de que a base da lexitimación sexa o consentimento da persoa interesada, terá dereito a revogado en calquera momento. Tamén terá dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Estes dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para exercer os seus dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, no apartado Outros trámites.
- b) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á responsable do tratamento dos datos, enviada ao enderezo postal ou ao enderezo de correo electrónico indicados no inicio deste documento. Tamén poderá presentar esta solicitude no rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais con que conta esta universidade.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos da UDC, enviada ao mesmo enderezo postal antes sinalado ou ao seguinte enderezo de correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Tamén se poderá presentar no rexistro telemático ou nos presenciais da UDC.

Así mesmo, as persoas interesadas terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, ..... de ..... de 20.....

Asdo.: .....

(Nome e apelidos do/a alumno/a beneficiario/a)